

MEMORIA

Segundo o artigo 168 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, ao orzamento da entidade unirase, entre outros documentos, unha memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presenta en relación co orzamento vixente.

É dicir, a Memoria componse de dúas partes. Unha referente ao exame do orzamento no seu conxunto e outra, para sinalar as variacións que o mesmo presenta con respecto ao anterior.

O ORZAMENTO EN XERAL

Trátase do sexto Orzamento que se elabora desde a aprobación da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade Financeira, desenvolvendo o mandato contido no artigo 135 da Constitución Española, reformado o 27 de setembro de 2011, e dando cumprimento ao Tratado de Estabilidade, Coordinación e Gobernanza na Unión Económica e Monetaria, do 2 de marzo de 2012, garantindo así, unha adaptación continua e automática á normativa europea.

O Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Ourense para 2018, integrado polo orzamento da propia Deputación, o orzamento do seu organismo autónomo INORDE e máis os orzamentos dos consorcios provinciais adscritos ao Ente provincial, enmárcase nunha situación de recuperación económica.



As remuneracións do persoal axústanse na súa estrutura ao previsto no R.D.861/1986 e ao incremento que previsiblemente establecerá a Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

Os niveis do complemento de destino e as contías do complemento específico veñen determinados pola Relación de Postos de Traballo (RPT), documento clave para a xestión do persoal.

Obras e servizos provinciais

Comprende os servizos de vías provinciais, parque de maquinaria e fornecementos, rede provincial de animais abandonados, parques xardíns e zonas verdes, augas e medio ambiente, área de infraestruturas, cooperación, limpeza viaria, e xestión de servizos municipais de recollida de lixo, destínase no orzamento a cantidade de **33.368.187,07 euros**.

Educación, cultura e deporte

En educación inclúense gastos da UNED, das escolas de formación profesional, de actividades xuvenís, das escolas especiais, así como das escolas de artes e de gaitas e danzas. Se engadimos o apoio económico á Universidade de Vigo, o total ascende a **1.573.433,02 euros**.

En cultura figuran os gastos de biblioteca, o museo artesán da música, edicións e publicacións, bandas de música, agrupacións corais e musicais, fomento de actividades culturais e recreativas, patrimonio histórico, Teatro Principal, Pazo de Vilamarín e Centro Cultural e promoción do galego. O importe total de gasto é de **4.600.827,85 euros**.

En deportes, hai que computar os gastos asociados ó Pazo dos deportes Paco Paz e os destinados a instalacións deportivas e promoción e fomento do deporte, ascendendo en total á cantidade de **2.546.301,82 euros**.

En consecuencia, para os fins deste apartado consígnase no orzamento a cantidade de **8.720.562,69 euros**.

Cooperación a investimentos nos concellos

Destínanse a esta finalidade **6.420.000,00 euros**.

Medio rural

As actuacións no medio rural lévanse a cabo nas explotacións de Monterrei , O Reino e Armariz, asumindo tamén o pagamento de tributos e aportación á comunidade de regantes no centro ecuestre e explotación de Antela.

Nesta área de actuación, consígnase no orzamento a cantidade de **776.641,37 euros**.

Acción social

Tendo en conta para este apartado as consignacións orzamentarias específicas máis o termalismo, fomento do emprego e a protección de riscos laborais, o total que se destina a acción social supón **9.607.922,47 euros**.

Informática e novas tecnoloxías

Destínase para esta finalidade, a cantidade de **1.296.038,56 euros**.

Importe total do orzamento

O do ano 2017 elévase á cantidade de **80.707.000 euros**.

PRINCIPAIS MODIFICACIÓNS CON RESPECTO AO ORZAMENTO DO EXERCICIO ANTERIOR

Agora, imos considerar as variacións que experimentan os estados de gastos e ingresos do presente orzamento en relación cos do exercicio anterior.

Estado de gastos

O capítulo I gastos de persoal que ascende á cantidade de **31.798.524,56** euros, experimentou un incremento debido ao 2% de previsión de subida salarial no emprego público e a dotación das prazas do anexo de persoal. Representa este capítulo o 39,40 por cento do total do orzamento.

O capítulo II, no que se recollen os gastos correntes en bens e servizos, importa **18.923.476,00** euros, o que supón o **23,45 por cento** do total do orzamento.

Nos capítulos III de gastos financeiros e IX pasivos financeiros, recóllense os gastos previsibles no exercicio de xuros e amortizacións do único préstamo vivo neste exercicio, cuxo xuro é do 0,00%. Representan o total dos dous capítulos **1.186.829,82 euros** fronte aos 2.324.189,31 euros do 2017, o que supón o **1,47 por cento** do total do orzamento e unha diminución de 1.137.359,49 euros sobre o consignado no ano anterior.

O capítulo IV de transferencias correntes ascende a **13.213.768,95** euros, representa o **16,37 por cento** do orzamento.

O capítulo VI de investimentos reais ascende á cantidade de **14.610.872,47** euros, o que representa o **18,10 por cento** do total do orzamento.

O Capítulo VII de transferencias de capital, ascende á cantidade de **663.528,20** euros, o que supón o **0,82 por cento** do total do orzamento.

O Capítulo VIII de activos financeiros, ascende á cantidade de **300.000,00** euros, o que representa o **0,37** por cento do orzamento de gastos, e non experimenta variación algunha co ano anterior.

Estado de ingresos.

No capítulo I, que comprende os impostos directos, recóllese a cesión do imposto sobre a renda das persoas físicas e a recarga provincial no imposto sobre actividades económicas, cunha previsión de **4.605.000,00** euros e que representa o **5,71** por cento do orzamento.

No capítulo II que comprende a cesión de impostos indirectos cun total de 4.030.000,00 que representa o **5,00** por cento do orzamento.

O capítulo III, que recolle as taxas, os prezos públicos e outros ingresos, importa **4.458.461,13 euros**, o que representa o **5,52** por cento do estado de ingresos.

O capítulo IV comprende as transferencias correntes. Entre elas, figura o recurso máis importante da facenda provincial, o Fondo complementario de financiamento que importa **57.700.000,00** euros. O total do capítulo ascende á cantidade de **66.182.047,37** euros, é dicir, o **82,00** por cento do orzamento.

O capítulo V, referente ós ingresos patrimoniais, ascende á cantidade de **219.511,75** euros, que representa o **0,27** por cento do total do orzamento de ingresos.

O capítulo VI, de alleamento de investimentos reais, figura cunha previsión de **21.000,00** euros, que supón o **0,03** por cento do orzamento.

O capítulo VII, de transferencias de capital, cun importe para todo o capítulo de **890.979,75** euros, o que representa o **1,10** por cento do total do orzamento.

O capítulo VIII, de activos financeiros, ascende á cantidade de **300.000,00** euros, igual ao ano anterior, representando o **0,37** por cento do total do orzamento.



BASES DE EXECUCIÓN

Para a acertada xestión do orzamento acompañanse as bases de execución, sendo de destacar que desaparece a excepción ao principio de anualidade por recoñecemento extraxudicial (Bases 5^a.c) e 31.C).i) que se mantiña desde hai varios exercicios nun **10%**.

As dedicacións exclusivas e parciais figuran nas bases de execución e no anexo de deputados con dedicación.

Exposto o contido do orzamento así como as súas principais modificacións, con respecto ó do exercicio último, sométese a exame e, no seu caso, aprobación da Corporación provincial.

Ourense, 14 de setembro de 2016

O PRESIDENTE

José Manuel Baltar Blanco